

nuación, Resolución do 2 de febreiro de 2008 do secretario xeral ditada por delegación do conselleiro, recaída no expediente 111320268/2001, pola que se resolve deixar sen efecto a prima de mantemento do ano 2006, concedida a *Naturaleza, Urbanismo y Medio Ambiente, S.A.*

A entidade interesada poderá examinar a resolución completa na Subdirección Xeral de Apoio Xurídico da Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural, sita en San Cactano s/nº, CP 15704, de Santiago de Compostela.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá a interesada interpoñer recurso potestativo reposición ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co disposto no artigo 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro) ou ben directamente poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa notificación, consonte o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2009.

Alberte Souto Souto  
Secretario xeral da Consellería do Medio Rural

#### ANEXO

Expediente: 111320268/2001

Interesada: *Naturaleza, Urbanismo e Medio Ambiente, S.A.*  
Último enderezo coñecido: autovía de Castilla N-620 km 136, Simancas, Valladolid.

*Edicto do 17 de decembro de 2008, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, pola que se lle dá publicidade á resolución do expediente 404 que afecta o monte O Ézaro solicitado pola comunidade do lugar do Ézaro, da parroquia de Santa Uxía do Ézaro do concello de Dumbría.*

Para os efectos previstos no artigo 28 do regulamento para a aplicación da Lei 13/1989, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, en sesión que

tivo lugar o día 17 de decembro do 2008, adoptou a seguinte resolución:

Asistentes:

Presidenta.

Delegada Provincial da Consellería do Medio Rural.

Olga Mª García Agra.

Vogais.

Representante do Colexio Provincial de Avogados da Coruña:

Augusto José Pérez-Cepeda Vila.

Letrada da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia:

Susana Loreta Benedeti Corzo.

Representante das comunidades propietarias de montes clasificados da provincia.

Pilar Santamaría Calo.

Vogais representantes da comunidade do lugar de O Ézaro da parroquia de Santa Uxía do Ézaro do concello de Dumbría:

Avelino Outes Piñeiro e José Ramiro Rodríguez Cambeiro na súa condición de presidente e vogal da xunta promotora, respectivamente.

Asiste como asesor técnico do xurado, Inacio Xesús López da Osa Xirménez, xefe da Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común do Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural da Coruña.

Secretaria:

Xefa de Sección do Servizo Xurídico Administrativo da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural.

Mª de los Dolores Añón Rodríguez.

Na cidade da Coruña sendo o día 17 de decembro do 2008, reúnese no 3º andar do edificio administrativo de Monelos o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña coa asistencia das persoas citadas anteriormente, excusando a súa asistencia o representante do Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, co obxecto estudar e resolver, entre outros, o seguinte expediente:

Expediente: 404.

Monte: O Ézaro.

Comunidade: lugar do Ézaro.

Parroquia: Santa Uxía do Ézaro.

Concello: Dumbría.

Superficie: 200,1819 ha.

## Lindeiros:

Norte: do punto 251, no límite co concello de Cee, ata o punto 265, e deste ao punto 1, no alto de Pedras Carballizas, deixando á esquerda os lugares de Súa Lomba e de Prado de Arriba.

Leste: do punto 1 (Pedras Carballizas) en dirección sur ata o Alto da Pena (punto 4), e desde este, pasando polo Alto das Pías, ata o punto 22, na Cruz de Pau, á beira da pista de Santa Uxía a Laxe, deixando sempre á esquerda os predios de San Crimenso e Santa Uxía.

Sur: do punto 22 (Cruz de Pau) a punto 29, limitando con pista de Santa Uxía a Laxe. Desde o punto 29 ao punto 106, deixando á esquerda predios de Laxe e o Prado do Cotro. Do punto 106 ao punto 153, seguindo camiño de terra, e do punto 153 ao 242, no Petón das Cabanas, limítrofe co concello de Cee, con máis predios do Ézaro.

Oeste: do punto 242 ata o 250, no Alto de Montemaior, seguindo o límite co concello de Cee, e do punto 250 ao 251, no mesmo outeiro, deixando á esquerda o lugar coñecido como Pedra do Campo e propiedades dos lugares de Gures e Ameixenda, do concello de Cee.

## Antecedentes de feito:

Primeiro.-Avelino Outes Piñeiro e outros veciños do lugar do Ézaro da parroquia de Santa Uxía do Ézaro presentan o 15-11-2005 unha solicitude ante o xurado para que o monte O Ézaro do concello de Dumbría sexa declarado como veciñal en man común alegando que desde tempo inmemorial os veciños do lugar de O Ézaro o veñen aproveitando de forma consuetudinaria e sen asignación de cotas. Nese momento achegan co escrito un informe do 19 de outubro do 2005 asinado polo alcalde do Concello de Dumbría no que se indica que o monte O Ézaro vén sendo utilizado por todos os veciños do Ézaro desde tempo inmemorial sen asignación de cotas concretas a cada un dos distintos veciños que desde sempre, o veñen desfrutando e aproveitándose de forma pacífica do monte. Nese escrito indícase que o devandito monte de 154 ha foi partido a finais dos anos sesenta entre os veciños, se ben esas cotas ou anexos non teñen valor ningún por tratarse dun monte veciñal e, ademais, o sentir común dos veciños do lugar do Ézaro é que sempre viñan desfrutando de forma pacífica a titularidade común do monte.

Con posterioridade, e logo do requirimento para que presenten o plano topográfico, así como calquera outra documentación que acredite a condición veciñal alegada, achegan planimetría do monte solicitado e copia de acta notarial do 7-11-2006, na que varios maiores do lugar declaran, en síntese, que desde nenos fan ao monte do Ézaro buscar leña, mato e a levar os animais, insistindo todos eles en que o seu monte chegaba ata o cume, que había (e aínda se conserva parcialmente) unha parede no outeiro que dividía o monte dos veciños de Santa

Uxía; insisten en que, desde o outeiro cara a abaixo, augas vertentes e en dirección á aldea do Ézaro, pertencía ao lugar de O Ézaro.

Durante a tramitación do expediente achegan máis documentación que avala a súa pretensión, entre a que cabe subliñar a seguinte:

a) Certificacións catastrais actuais (do ano 2007) nas que consta o monte O Ézaro como comunal e de titularidade dos veciños do Ézaro, estas abranguen a maior parte da superficie solicitada (154,36 ha).

b) Varios cupos veciñais e plano de partición do monte do ano 1968 no que se fai expresa mención a que se está a partir o monte veciñal do Ézaro de Dumbría. Achégase tamén copia de fotografías aéreas do Arquivo do Reino de Galicia sobre o monte antes da devandita partición, así como certificacións catastrais de que o polígono nº 96 parcela 1091, polígono 96a parcela 60 e polígono 96c parcela 352 (fotografías 209a e 216b) non estaba dividido nese ano (1958) e a súa titularidade era comunal.

c) Levantamento topográfico segundo se lles solicitou e fotografías actuais do monte nas que se reflicte o muro de pedra no outeiro do monte que separa o seu monte cos lugares de Santa Uxía, muro a que fan referencia os veciños na acta notarial que existía desde sempre e que aínda se conserva en parte.

d) Copia cotexada dunha sesión ordinaria do concello de Dumbría do 5 de abril de 1882, e a súa transcripción por un historiador colexiado, na que se fai referencia a unha reclamación feita por uns veciños do lugar de O Ézaro contra Hermenegildo Louro e outros veciños que están acotando o monte do Ézaro e na que se indica expresamente que desde tempo inmemorial os veciños da dita parroquia, lugar o Barrio de Abaixo viñan posuíndo quieta e pacificamente pacer os seus gandos, aproveitar os esquilmos, usar e desfrutar en común, sen suxeición a regra algunha de todos os montes do dito Ézaro de Abaixo, augas vertentes á aldea, como comunais e do exclusivo aproveitamentoo solidariamente do vecindario...

e) Copia da escritura notarial do ano 2001 de contrato de constitución dun dereito de superficie en favor da empresa *Eurovento, S.L.* e no que se fai constar ao presidente e representante da comunidade veciñal do Ézaro como propietario e dono en pleno dominio do monte veciñal en man común do Ézaro, sito no lugar do Ézaro do concello de Dumbría (cunha extensión de 154,36 ha).

f) Certificado do secretario do Concello de Dumbría sobre unha sesión do pleno municipal realizada o día 3 de setembro do 2004 no que se adoptou o acordo de aprobación do convenio entre o concello e a Comunidade Monte Veciñal de Ézaro para a cesión e uso da parcela Albariza e Muño de Lourido.

g) Varios escritos da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible dirixidos ao

presidente da comunidade veciñal do Ézaro, con datas do 20-8-2007 e do 17-10-2007, sobre os trámites a seguir para proceder á selaxe dun vertedoiro no monte veciñal do Ézaro.

Segunda.-A vista de tal solicitude e da documentación achegada, o xurado, na súa reunión do 17 de xullo de 2007, acordou iniciar a súa tramitación.

Terceira.-En cumprimento do disposto no artigo 20 do Regulamento do montes veciñais en man común, solicitouse ao Servizo de Montes e Industrias Forestais informe sobre o monte de referencia. O xefe de Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común emite un informe o 23-10-2007 no que manifesta, en síntese, que o monte solicitado non está inscrito no Catálogo de Montes de Utilidade Pública, nin está conveniado ou consorciado coa Xunta de Galicia; en canto ao aproveitamento do monte polos veciños remítese o informe elaborado polo Distrito Forestal V do 26-9-2007 no que se indica, entre outros aspectos, que non se dispón de documentación referente ao uso tradicional do citado monte. Non hai indicios de que non houber este tipo de aproveitamentos no monte por parte dos promotores con anterioridade. Cabe destacar que na actualidade as rendas por alugueiro dos terreos nos que se sitúan catro dos aeroxeneradores situados na parte leste son da comunidade de veciños do Ézaro.

O Rexistro da Propiedade de Corcubión certifica o 5-5-2008 que o monte O Ézaro non figura inscrito no rexistro, candomenos nos termos indicados.

Cuarto.-Para dar cumprimento ao disposto no artigo 21 do Regulamento do 4 de setembro de 1992, o 4 de xuño do 2008 procedeuse á correspondente tramitación e librouse por orde do instrutor do expediente comunicación, do acordo de inicio do expediente de clasificación ao xefe de Servizo de Montes e Industrias Forestais para os efectos de aproveitamentos e de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 13/1989, do 10 de outubro; ao alcalde presidente do Concello de Dumbría, ao que se lle remitiu edicto do acordo de inicio co fin de que, segundo o disposto no artigo 10 da Lei e 23 do Regulamento de montes veciñais en man común, sexa exposto polo período dun mes para os efectos de alegacións dos posibles interesados; ao Rexistro da Propiedade de Corcubión para que se realice a práctica das oportunas anotacións preventivas; a Avelino Outes Piñeiro como representante da comunidade veciñal solicitante da clasificación do monte como veciñal; e ao *Diario Oficial de Galicia* para a súa publicación (DOG nº 124, do 27 de xuño de 2008). No taboleiro de anuncios do Concello de Dumbría estivo exposto, segundo certificación do seu secretario, un mes desde o 28 de xuño do 2008 e indica, así mesmo, que o devandito monte non está inscrito no Inventario de Bens do Concello.

Quinto.-Durante a tramitación do expediente compareceu como interesado Plácido Trillo Fernández por escrito do 13 de maio do 2008 no que manifes-

ta, en síntese, que sexan excluídos da declaración veciñal do monte O Ézaro determinados predios cos nomes de Destrás da Pena, Rego Furado e Pedregal das Pías do Poniente, os cales lles pertence, en virtude de partición extraxudicial dos bens que constitúen a herdanza do seu pai Juan Trillo Rodríguez, realizada no ano 1957 por Celestino Pereira Pensado, cura párroco de Santa Uxa do Ézaro, a quen aquel nomeou partidador da súa herdanza. Que os ditos predios, alega, formaban parte do monte foral denominado Xervido e o seu anexo Pedregal, sitios nos termos do lugar de Santa Uxa do Ézaro, concello de Dumbría, e que o 7 de xuño de 1934 se realizou ante o notario de Corcubión a protocolización da acta da aprobación xudicial da división e adjudicación realizada polo Xulgado de Primeira Instancia de Corcubión.

Compareceu, tamén, Manuel Martínez Martínez quen basicamente alega que ten predios dentro do monte que se pretende clasificar cuxa procedencia en dereito se remonta á división do monte Foral de Xervido e Pedregal. Achega varios documentos neste sentido, entre eles, un escrito dirixido ao Servizo do Catastro Rústico do 25-1-1988 no que solicita, este veciño xunto con outros máis, que se rectifique no catastro a titularidade de varias parcelas que din lles pertence e que constan, no entanto, como comunais. En concreto, son as parcelas 1091 do polígono nº 96, a parcela 60 do polígono 96a e a parcela 352 do polígono 96c .

Sexto.-Realizado o trámite de audiencia o 28-10-2008 a todos aqueles que constan como interesados, presentáronse as seguintes alegacións:

1. José Martínez Martínez e Plácido Trillo Fernández achegan levantamento topográfico e informe técnico elaborado pola enxeñeira técnica agrícola Felicitas Fernández Liñares sobre os tres trozos do monte coñecidos como detrás da Pena, Rego Furado e Destrás das Pías do Poniente que alegan ser da súa propiedade e que solicitan sexan excluídos da monte veciñal do Ézaro.

2. A empresa *Eurovento, S.L.* por escrito do 15-11-2008 expón, en síntese, o seguinte:

a) Considera que hai unha parte do monte do Ézaro que é veciñal (parcelas 290 e 291 do polígono 21 e parcela 2 do polígono 25 do catastro que comprende aproximadamente 154,36 ha) e sobre a que a empresa constituíu un dereito de superficie para a instalación de varios aeroxeneradores do parque eólico Paxareiras IID e IIE; reconece, pois, á comunidade veciñal do Ézaro como propietarios do devandito monte.

b) Hai outra parte do monte (a situada ao leste) que esta empresa adquiriu a particulares que tiñan o seu dereito nunhas cotas ou anexos; e solicita que, de acordo co exposto, se exclúan os terreos adquiridos aos ditos particulares da clasificación do monte como veciñal. Tamén alega que está aberto un procedemento de expropiación forzosa que afecta esta

parte do monte. Achegan documentación sobre o alegado.

3. Os promotores do expediente, por escrito do 14-11-2008, analizan a documentación achegada por Manuel Martínez e Plácido Trillo para a defensa dos seus dereitos e, apoiados nun informe técnico sobre a situación dos predios afectados, argumentan, en síntese, o seguinte:

a) No referente ás propiedades particulares que alegan os opositores, os ditos predios, segundo as descrições das partillas presentadas dos seus lindeiros, están situados ao leste do cume do monte O Ézaro, é dicir, augas vertentes cara a Santa Uxía e non cara ao lugar do Ézaro.

b) Consideran que non se debe ter en conta o informe técnico achegado polos opositores, porque parte de datos erróneos na súa análise, xa que modifican, sen xustificación ningunha, un punto de referencia dos lindeiros do Foro do monte Xervido do que din trae a súa orixe ás súas propiedades, o punto chamado Pedra Mexoeirra que trocan por Pedras Carballizas.

c) Que tampouco se deben considerar as partillas presentadas, xa que non son estas títulos suficientes que acrediten a propiedade, nin tampouco o catastro atribúe esta condición, polo que consideran que non posúen título de propiedade suficiente.

Sétimo.-Na xuntanza do xurado, con data do 17-12-2008, os veciños do Ézaro manteñen a súa pretensión de declarar como veciñal todo o monte O Ézaro coa superficie e lindeiros solicitados e piden que se incorpore ao expediente un escrito no que se contesten as alegacións de todos os opositores ao expediente de clasificación e que foi presentado no Rexistro de Entrada ese mesmo día. Na comparecencia ante o Xurado Plácido Trillo Fernández solicita que sexan excluídas da declaración veciñal as parcelas que alega son da súa propiedade, segundo a documentación que no seu día presentou e que consta no expediente. Infórmaselle neste acto que, co informe técnico por el presentado, non queda acreditada que as propiedades alegadas estean dentro do perímetro do monte.

Por parte dos representantes da empresa *Eurovento, S.L.* manteñen o manifestado por escrito e que, en síntese, se cinxe a que recoñecen unha parte do monte como veciñal, e que consideran que adquiriron con xusto título e de boa fe determinados predios a particulares con base en cotas ou anexos e certificacións catastrais que eran o que posuían os que se declaraban donos; por último, que nestes momentos hai un proceso de expropiación forzosa no seu favor, con información pública, pagando xa respecto dalgun dos predios o correspondente xusto prezo.

Oitavo.-Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu

Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, ambos os dous da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais disposicións aplicables ao caso.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten competencia para coñecer deste expediente, en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co contido do artigo 11 da precitada lei e o artigo 19 do seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, os veciños do lugar do Ézaro da parroquia Santa Uxía do Ézaro do concello de Dumbría son parte lexítima para solicitar a iniciación deste expediente de clasificación.

Terceiro.-Para a súa clasificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: a) pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; b) que se veña aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; c) que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/1989, do 10 de outubro e artigos 1, 2 e 3 do seu regulamento).

Cuarto.-En canto ao aproveitamento consuetudinario do monte por parte dos veciños promotores considérase que entre a documentación presentada hai claras mencións á existencia do monte veciñal do Ézaro da parroquia de Santa Uxía do Ézaro, entre as que cabe subliñar:

a) A acta notarial do 7-11-2006 na que varios maiores do lugar declaran, en síntese, que desde nenos fan ao monte do Ézaro a buscar leña, mato e a levar os animais, insistindo todos eles en que o seu monte chegaba ata o cume, que había (e aínda hai) unha parede no outeiro que dividía o monte dos veciños de Santa Uxía e insisten en que desde o outeiro cara a abaixo e en dirección á aldea do Ézaro pertencía ao lugar do Ézaro.

b) A copia cotexada da sesión ordinaria do Concello de Dumbría do 5 de abril de 1882 na que se especifica non soamente como é aproveitado o monte do Ézaro polos veciños do lugar en réxime de comunidade, senón tamén cunha clara mención do límite do cume: que desde tempo inmemorial os veciños de dita parroquia, lugar o Barrio de Abaixo vixan posuíndo quieta y pacificamente pacen os seus gandos, aproveitar os esquilmos, usar e desfrutar en común, sen suxeición a regra ningunha de todos os montes do dito Ézaro de Abaixo, augas vertentes á

aldea, como comunais e do exclusivo aproveitamento solidariamente do vecindario...

c) O muro de pedra no cume do monte que separa o lugar do Ézaro cos lugares de Santa Uxía, a que fai referencia os veciños na acta notarial que existía desde sempre e que facía que limitase o aproveitamento comunal dos veciños do lugar do Ézaro augas vertentes cara ao pobo no seu favor, consérvase en parte na actualidade como así o demostran tanto as fotografías que constan no expediente como e, principalmente, figura nos planos oficiais do ano 1988 da Consellería de Política Territorial e Obras Públicas na escala 1:10.000. Así o fai constar no seu informe do 15-12-2008 o xefe de Área Técnica de Montes Veciñais, o cal indica respecto deste valado que no plano da COTOP, se observa que este límite leste transcorre pola liña de augas vertentes (consonte as curvas de nivel), de acordo co documento do Concello de Dumbría de 1882, que consta no expediente.

d) As cotas veciñais do ano 1968 que achegan os promotores nos que se fai expresa mención a que se está a partir o monte veciñal do Ézaro da parroquia do Ézaro (Dumbría).

e) As certificacións catastrais en favor dos veciños do Ézaro referentes ao monte que abrangue a maior parte da superficie solicitada.

f) O recoñecemento por parte da empresa *Eurovento, S.L.* da súa condición de propietarios ao constituír un contrato de superficie no ano 2001 cos representantes da comunidade veciñal sobre a parte do monte O Ézaro non discutida por ninguén como veciñal e que abrangue 154,36 has (as que se corresponden coas certificacións catastrais).

g) O certificado do secretario do Concello de Dumbría sobre unha sesión do pleno municipal realizada o día 3 de setembro de 2004 no que se adoptou o acordo de aprobación do convenio entre o concello e a comunidade monte veciñal do Ézaro para a cesión e uso da parcela Albariza e Muño de Lourido, outorgándolle a condición de interlocutor válido como propietario do monte.

h) Varios escritos da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible dirixidos ao presidente da comunidade veciñal do Ézaro do 20-8-2007 sobre a selaxe dun vertedoiro no monte veciñal do Ézaro.

i) As fotografías aéreas do Arquivo do Reino de Galicia do monte do Ézaro e que se corresponden co catastro de 1958 é onde consta que os polígono nº 96 parcela 1091, polígono 96a parcela 60 e polígono 96c parcela 352 (fotografías 209a e 216b) non estaba dividido nese ano e a súa titularidade era comunal. Esta titularidade tivo que manterse cando menos ata o ano 1988, xa que, segundo consta no expediente, por escrito do 25-1-1988 José Manuel Martínez e outros veciños de Santa Uxía solicitan ao catastro o cambio de titularidade deses mesmos pre-

dios comunais ao seu favor por considerar que son eles os seus verdadeiros donos.

Quinto.-Por outra banda, e en canto ás propiedades alegadas por José Manuel Martínez Martínez e Plácido Trillo Fernández, cabe subliñar que, segundo o informe elaborado para o efecto polo xefe da Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común do 15-12-2008, non queda acreditado que os seus predios estean situados dentro do perímetro do monte do Ézaro que se estuda a clasificación. En concreto e respecto do informe técnico presentado polos opositores, que pretende reproducir parte do monte foral Xervido e o seu anexo Pedral e no que fundamentan a orixe dos seus títulos de propiedade, manifesta que o devandito informe troca a referencia xeográfica de Pedra Mexoeira, orixinal na descrición do foro, por Pedras Carballizas, situada a uns 970 m ao suroeste, indicando que se non se fixera, incluíría monte dos veciños de San Crimenso, separado das parcelas reclamadas; polo que xa non é o dito foro; semella unha adaptación do foro para chegar a cadrar coas parcelas reclamadas. En consecuencia, podemos concluír que non queda acreditado coa documentación que achegan os reclamantes que as súas propiedades estean dentro do perímetro do monte que se vai clasificar.

En canto ás alegacións da empresa *Eurovento, S.L.* convén subliñar:

a) A empresa recoñece expresamente que existe unha parte do monte O Ézaro que é veciñal, a correspondente a 154 ha, sobre a que manifesta que é gozada de modo pacífico, desde tempo inmemorial, polo común dos veciños da parroquia de Ézaro. De feito, a empresa recoñece que colaborou inicialmente cos veciños do Ézaro para presentar esta solicitude ante o xurado. Ademais respecto desta parte do monte constituiron un dereito de superficie en favor da empresa Eurovento en ano 2001, recoñecendo na escritura notarial á comunidade veciñal do Ézaro como propietarios de pleno dominio desa parte do monte.

b) Respecto da parte leste do monte O Ézaro, por unha banda a empresa informa que comprou unhas parcelas a particulares alegando estes como título unhas cotas ou anexos (que non achegan ao expediente) e que consideran xusto título; por outra banda, que nesa zona hai aberto un expediente de expropiación forzosa en favor da empresa Eurovento respecto doutros predios e que durante a tramitación deste, en ningún momento, os veciños do lugar do Ézaro manifestaron a súa oposición. Cabe subliñar que esta empresa no seu escrito de alegacións non lle dá ningunha validez ás cotas ou anexos de participación do monte veciñal do ano 1968, e logo utiliza como argumento a validez destes documentos para comprar determinadas parcelas.

c) A empresa alega que solicitara ao Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña unha certificación sobre se o monte O Ézaro da

parroquia do Ézaro do concello de Dumbría estaba cualificado ou se iniciara proceso de cualificación como veciñal, con resultado dunha certificación negativa o 13-11-2000. Pero esta certificación non acredita máis que, nesa data, efectivamente non estaba clasificado o monte nin iniciado o trámite (de feito a solicitude de clasificación que consta no expediente é do 15-11-2005), pero non está negando que tal condición puidese existir, xa que, como é coñecido, os montes veciñais en man común entran na esfera do dereito consuetudinario, e a clasificación do xurado é unha declaración ou recoñecemento desa condición preexistente. De feito, a propia empresa contradícese neste sentido; así no ano 2000 solicita ao xurado unha certificación sobre se o monte O Ézaro é veciñal, certificándose o 13-11-2000 que non existe declarado ningún monte veciñal no Ézaro de Dumbría; pese a isto, no ano 2001, constitúe un dereito de superficie sobre 154 ha sobre o monte veciñal do Ézaro constando na escritura notarial como propietarios deste á comunidade veciñal do Ézaro outorgando plena lexitimidade ao seu presidente cando non existía ningunha declaración formal do xurado sobre tal monte como veciñal. Ademais, novamente solicita no ano 2003 unha certificación do Xurado sobre a declaración ou non do monte O Ézaro como veciñal xa que así llo exixía o Rexistro da Propiedade para a inmatriculación das parcelas adquiridas no dito monte pola empresa a particulares durante os anos 2000 e 2001, o que resulta incomprendible se os títulos de propiedade dos particulares que os transmitiron fosen suficientes.

Sexta.-Das actuacións que constan no expediente e, en especial, dos informes e documentación que consta neste, dedúcese que o monte O Ézaro que se pretende clasificar é un monte veciñal aproveitado polos veciños do lugar do Ézaro da parroquia de Santa Uxía do Ézaro do concello de Dumbría, e que reúne así as condicións exixidas pola Lei 13/1989, do 13 de outubro, de montes veciñais en man común, non sendo da competencia deste xurado resolver sobre cuestións de dominio, debéndose acudir nestes supostos á xurisdición ordinaria, segundo o disposto no artigo 10.º da Lei 55/1980, de montes veciñais en man común.

En consecuencia, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, e de acordo coa Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, e logo da proposta do instrutor e por unanimidade dos asistentes con dereito a voto, este xurado

#### ACORDA:

Clasificar como monte veciñal en man común o denominado monte O Ézaro en favor da comunidade veciñal do lugar do Ézaro da parroquia de Santa

Uxía do Ézaro do concello de Dumbría, cos lindeiros, superficie, características seguintes:

Monte: O Ézaro.

Comunidade: lugar do Ézaro.

Parroquia: Santa Uxía do Ézaro.

Concello: Dumbría.

Superficie: 200,1819 ha.

Lindeiros:

Norte: do punto 251, no límite co concello de Cee, ata o punto 265, e de este ao punto 1, no alto de Pedras Carballizas, deixando á esquerda os lugares de Súa Lomba e de Prado de Arriba.

Este: do punto 1 (Pedras Carballizas) en dirección sur ata o Alto da Pena (punto 4), e desde este, pasando polo Alto das Pías, ata o punto 22, na Cruz de Pao, á beira da pista de Santa Uxía a Laxe, deixando sempre á esquerda predios de San Crimenso e Santa Uxía.

Sur: do punto 22 (Cruz de Pao) a punto 29, limitando con pista de Santa Uxía a Laxe. Desde punto 29 ao punto 106, deixando á esquerda predios de Laxe e o Prado do Cotro. Do punto 106 ao punto 153, seguindo camiño de terra, e do punto 153 ao 242, no Petón das Cabanas, límite co concello de Cee, con máis predios do Ézaro.

Oeste: do punto 242 ata o 250, no Alto de Montemaior, seguindo o límite co concello de Cee, e do punto 250 ao 251, no mesmo outeiro, deixando á esquerda o lugar coñecido como Pedra do Campo e propiedades dos lugares de Gures e Ameixenda, do concello de Cee.

Así mesmo, acórdase excluír o declarado do inventario de bens do concello e do Catálogo de Montes de Utilidade Pública, se neles estivese inscrito, incluíndoo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural da Coruña.

Notifíqueseles esta resolución aos interesados.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña, 17 de decembro do 2008.

Olga Mª García Agra  
Presidenta do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña